

# **INTERVENCIÓN DE MANUEL BALTAR, PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE, NO ACTO INSTITUCIONAL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.**

17 de maio de 2022, 11,00 hs

Teatro Lauro Olmo ( Avda da Estación, 2)

O Barco de Valdeorras

Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela, presidente da Xunta de Galicia.

Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento.

Sr. D. Alfredo Laudelino García Rodríguez, alcalde do Barco de Valdeorras.

Sr. D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidade.

Sra. Dna. Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura.

Sr. D. Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega.

Familiares de D. Florencio Delgado Gurriarán

Autoridades e representacións

Miñas Donas, meus Señores

Estamos no Oriente ourensán. Un “ ensoño”, a “noiva feiticeira” de Florencio Delgado Gurriarán, estamos na fermosa e esgrevia Terra de Valdeorras: *engado dos meus amores, consolo das miñas penas*, como il cantou. Porque dicir Valdeorras, cos seus nomes verdadeiros, coa toponimia xenuína que Florencio Delgado Gurriararán reclamou, é dicir A Rúa, O Barco, Rubiá, Petín, O

Bolo, Carballeda, Larouco, Vilamartín e A Veiga. Nove concellos que conforman nove latitudes. Un universo maravilhoso, un val de vales agarimado *por outas serras*, presidido pola soberana grandeza de Pena Trevinca, dous mil cento vinteseite metros de altitude, a testa erguida da Galicia Infinda.

O profesor Xosé Ramón Pena, artífice da recente recompilación e análise da *Obra Poética* de Delgado Gurriarán -volume publicado por Edicións Xerais na colección “Clásicos”- permítenos descubrir a un autor inserido no que o citado investigador considera como as “avangardas enxebres”. Unha obra, a do homenaxeado coas Letras Galegas deste 2022, que nos era, polo menos no meu caso, descoñecida e que, despois de achegármonos a ela, atrae. Por unha parte, os cantos xeórxicos e a exaltación dionisiaca mesturados de erotismo e, pola outra, a denuncia social e a lira de combate, o froito da súa peripecia vital; a defensa da legalidade republicana, os circios ideais do galeguismo, a guerra civil, o exilio e a súa fonda visión de México e de toda América.

Sen o máis mínimo ánimo de pretender a crítica literaria, permítanme que saliente uns versos dos Poemas Mexicanos de Delgado Gurriarán. Despois de telos lido, paréceme que os ourensáns, maioritarios entre os galegos asentados na cidade de Guadalajara e no Estado de Jalisco -a noutroa Nova Galicia- e en todo México, captamos ben a intensidade que transmiten:

*Tapatíos, tapatías, -reloucan as retesías.../ O sangue férvelle á xente, -coitado de quen a emente! / Súpeto estoupa a pistola, -pois seica se “armou a bola”. / Desfeita pola liorta –esvaise a festa na porta.../ Só fica un home tendido, -novo heroi para un “corrido”*  
...

Despois da intervención de Ricardo Gurriarán, sobriño do escritor e autor da magnífica biografía: *Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, non considero oportuno reiterar eiquí

conceptos expresados. Sería repetir as circunstancias que conformaron e determinaron a vida do poeta, tradutor, político e animador cultural, sempre firme defensor da identidade de Galicia; desde o seu nacemento, en 1903, no Córrego, concello de Vilamartín de Valdeorras, ata o seu pasamento, en 1987, en Fair Oaks, California.

Iso si, non quero desaproveitar a ocasión que se me brinda, para expoñer unhas cantas reflexións, dende o meu punto de vista e dende a responsabilidade de presidir a Deputación de Ourense que, como temos dito, é moito máis ca unha provincia.

En primeiro lugar **agradecerlle** ás institucións públicas e privadas e ás persoas implicadas **nesta grande celebración da lingua e da literatura propias desta nación cultural**, á que chamamos Galicia, á que pertencemos como ourensáns, ós galegos e ás galegas de dentro e de fóra, pensemos como pensemos e vivamos onde vivamos, porque de todas e de todos NÓS é o mérito.

Pero aínda se pode facer máis. A proposta que realizaron hai cincuenta e nove anos, en maio de 1963, tres galeguistas, tres académicos, tres grandes da nosa cultura: Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo -pontevedrés de nacemento pero ourensán de pura cepa- acadou o recoñecemento do pobo. Por iso debemos acadar maiores espazos de normalización e de promoción do noso idioma e da nosa cultura. Democratizar o Día das Letras Galegas significa ampliar a participación social. Isto é posible. Contade connosco dende Ourense.

**Remato xa cunha proposta para o 2023, no sesenta aniversario das Letras Galegas, a das irmás Pura e Dora Vázquez.** Dúas mestras exemplares, escritoras, ambas e dúas; poetas, narradoras, dramaturgas e articulistas en lingua galega, nos difíciles e escuros tempos da dictadura, precursoras da literatura infantil e xuvenil,

mulleres dunha xeración caracterizada pola resistencia, a entrega e a xenerosidade.

Con Florencio Delgado Gurriarán, con Manuel Curros Enríquez, con Valentín Lamas Carvajal, Con Vicente Risco, con Ramón Otero Pedrayo, Con Florentino López-Cuevillas, Con Eduardo Blanco Amor, Con Xaquín Lorenzo, con Xesús Ferro Couselo, con Carlos Casares, con Pura e Dora Vázquez, con Antón Tovar, con Marcos Valcárcel... Cos que foron, cos que son e cos que serán, a ourensanía é unha fonte de liberdade creativa.

Graciñas pola vosa atención